*Corrección de erros.-Resolución do 9 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia convocados por Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia *do 5 de abril).*

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 112, do martes, 15 de xuño de 2010, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

1º Declarar exentos da realización da proba de coñecementos de lingua galega a:

Amosa Pereiro, Ana María; DNI 36102272T.

Baroja Basanta, Eulalia Sofía; DNI 33541075Z.

Vieiro Triana, Daniel; DNI 34894962Y.

Millares Guerra, Miguel; DNI 33286692B.

2º Incluír na lista de admitidos a:

-406 b Vila Amarelle, Mª Carmen; DNI 33207491E; L-S-S-S; disciplina 590105-formación e orientación laboral.

3º Incluír no anexo IV de excluídos a:

-Mosquera Bellón, Antonio; DNI 44814286N; disciplina 591206-instalacións electrotécnicas, por non ter a titulación idónea.

-Sineiro Fontenla, Mª José; DNI 35320214B; disciplina 591216-operacións de produción agraria, por non ter a titulación idónea.

4º Modificar:

Na disciplina de bioloxía e xeoloxía, o número 523 b debe figurar como:

-523b Valcarcel Ares, María; DNI 34268704-S; L-S-S-N.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de xuño de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal licenciado sanitario (xefatura de servizo de atención primaria).

Convocada por Resolución do 20 de abril de 2010 (DOG nº 90, do 13 de maio) a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de persoal licenciado sanitario (xefatura de servizo de atención primaria), esta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 3 da citada orde e no artigo 5 j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal licenciado sanitario (xefatura de servizo de atención primaria), anunciado pola Resolución do 20 de abril de 2010 (DOG nº 90, do 13 de maio).

Segundo.-Unha vez analizadas todas as solicitudes presentadas e valorada a idoneidade dos aspirantes, así como o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, nomear no posto que se indican a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O profesional nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do seu cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar desde o